

Acta Reunión Ordinaria Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 14 de novembro de 2017

Hora: 9:35

Lugar: Sala de Xuntas 3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Gumersindo Feijoo Costa

Tomás Fernández Pena

Julia González Álvarez

David López Vilariño

David Losada Carril

Francisco Omil Prieto

José Varela Pet

M^a Carmen Palacios Oubiña

Javier Val Barbeira

Invitados:

Jesús Rodríguez Presedo – Presidente da Comisión de TFG do GrEI

Puntos a tratar:

1. Aprobación da acta da reunión anterior.
2. Xestión de TFG/TFM.
3. Seguimento de títulos.
4. Uso da aplicación AASX.
5. Deseño de Accións de Mellora.
6. Enquisas de competencias dos graos.
7. Quenda aberta.

1. Aprobación da acta da reunión anterior.

Apróbase por asentimento a acta da reunión ordinaria do 18 de maio de 2017.

2. Xestión de TFG/TFM.

A Xestora describe polo miúdo o xeito en que se van xestionar os Traballos de Fin de Grao e Máster na USC no sucesivo. Comezando pola creación de calendarios, cómpre ser coidadoso, pois son públicos para os estudantes. Dentro do mesmo centro, a aplicación permite configurar un calendario de datas de inicio e fin de depósito e de defensa para graos e outro para titulacións de máster. Na ETSE preséntase o problema de que os títulos xa tiñan aprobadas as súas respectivas datas (o que é excepcional na USC), ao cal o Director responde facendo a proposta de unificar os calendarios. No caso dos graos isto non presenta problema algún, e acórdase unha próxima xuntanza dos coordinadores de máster coa xestora para ver se é posible a homoxeneización.

Pasando á xestión de títolos, constátase certa diversidade neste perfil (aparte do PDI, están a participar investigadores, profesionais de empresa, etc.) e hai que decidir se quere que todos eles sexan dados de alta na aplicación. Isto é relevante só a efectos de certificación, polo cal parece máis importante para os investigadores e doutorandos que para os colaboradores de empresas e institucións. O profesor Feijoo

opina que a incorporación desta información debe acometerse de xeito sistemático para evitar problemas no futuro; se os tutores externos non queren aportar os seus datos simplemente se lles debe facer saber que non poderán recibir certificación no futuro. A Xestora sinala que o formulario inclúe unha porcentaxe de horas de tutoría asignadas a cada tutor (o cal ten efectos no POD) e que se pode proceder á alta de tutores en calquera momento.

No que respecta á defensa de traballos, a Xestora informa de que en diante os alumnos a haberán de solicitar dende a súa secretaría virtual, mais para iso necesitan o informe do seu tutor. O profesor Losada apunta que este requirimento entra en contradición coa normativa, ao cal a Xestora responde que se insistiu neste aspecto pero non se fixo caso polo de agora. O profesor Losada refire tamén algúns problemas técnicos que facían que algunhas memorias se puideran visualizar e outras non. A Xestora indica que se están a facer axustes e que, se ben só se pode subir un arquivo en formato PDF, recentemente aumentouse o tamaño permitido ata os 30 MB. Coida que se debe informar aos estudantes da instrución de Secretaría Xeral coas indicacións para cubrir os datos; en particular, a aplicación emite un resguardo que o alumno debe entregar en Administración posteriormente. Aínda que o profesor Losada avoga por prescindir deste trámite, o Director considera que é necesario debido a cuestións legais e que debe quedar moi claro que documentación é requirida exactamente en cada titulación.

Para rematar a súa intervención, a Xestora matiza que a aplicación non evita o traballo administrativo de sempre no que respecta á formación de tribunais. O profesor Losada pon de manifesto o curioso que resulta que o tutor deba emitir o seu informe sen ter visto o que subiu exactamente o estudante; coida que a ferramenta vulnera os dereitos do alumno, pois a defensa queda en suspenso no caso de que o tutor non cargue o seu informe. A Xestora lembra que un informe desfavorable non impide a defensa.

Finalmente, a profesora Julia González fai algunhas suxestións referentes ao idioma de defensa, á solicitude de confidencialidade ou á autorización de cesión de datos para o repositorio institucional Minerva.

Ao rematar este punto, abandona a reunión o profesor Rodríguez Presedo, quen precisamente foi invitado co propósito de serlles ofrecidas as explicacións precedentes.

3. Seguimento de títulos.

Polo feito de ter verificado o seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC), a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC ofreceulle recentemente á ETSE a posibilidade de substituír o conxunto de Informes de Seguimento individualizados por titulación por unha Memoria de Centro cuxo formato vai ser acordado coa ACSUG. No caso de aceptar, esta nova estratexia será aplicada tanto no seguimento de titulacións (xa neste mesmo curso académico) como nas futuras renovacións de acreditación.

O Director amosa o calendario de calidade aprobado, o cal implica o peche de accións de mellora correspondentes ao curso 2016-2017, nun primeiro paso, e a xeración das novas accións do curso 2017-2018 en base a documentación previa, nun segundo.

O Director considera sorprendente que o período de gravación de accións de mellora para o presente curso remate o 8 de marzo deste ano. En consecuencia, propón que estas accións sexan planeadas en prazos bianuais. En base a data límite fixada para a aprobación dos auto-informes, a súa previsión é que a Memoria de Calidade do centro poida quedar aprobada a mediados do mes de abril.

4. Uso da aplicación AASX.

Posto que se acepta emprender o camiño da Memoria de Centro para o seguimento e acreditación dos títulos, o Director propón que a convocatoria e actas das reunións das Comisións de Titulación sexan

dende agora mesmo xestionadas dende a Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX) da ACMP; por iso, cómpre revisar a composición desas comisións. Con respecto ao apartado de Información Pública non se dispón polo de agora dunha solución integrada e seguiremos a facer uso da web como sempre.

O Director advirte que a AASX non funciona correctamente con Internet Explorer de Microsoft. O profesor Losada suxire que se solicite que os secretarios das comisións dispoñan de privilexios de administración no seu sistema de xestión.

5. Deseño de Accións de Mellora.

O Director expón a idea de que nas titulacións de máster podería executarse unha enquisa de competencias similar á que xa se activa nos graos, coa intención de que poidan xurdir algunhas novas accións de mellora. Se os coordinadores están de acordo, o querería reflectir xa na Memoria de Calidade. Os grupos de interese a considerar serían os tres seguintes: empregadores, profesores e egresados (o colectivo de estudantes próximos á finalización dos estudos non tería utilidade no caso dos másters).

O Director pide, en calquera caso, que para as accións de mellora se fixen obxectivos cuantitativos referidos a indicadores concretos sempre que sexa posible. Para as titulacións de máster, a execución da enquisa de adquisición de competencias pode constituír a propia acción de mellora; para os graos, a nova acción de mellora virá derivada dos resultados da enquisa.

6. Enquisas de competencias dos graos.

Como exemplo, o Director amosa unha folla de cálculo cos resultados da enquisa de competencias para o Grao en Enxeñaría Química e pide colaboración para analizar esta información.

7. Quenda aberta.

Sen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 11:20 h.